

Actividades para proxectos | Bloque 1 : Presentación e organización de Equipos

Secundaria. 12 a 15 anos

Ímonos coñecer

	Educación Secundaria 12 a 15 anos
	Nivel Medio
	Temporalización 8 sesións
	Socios 4 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

1. Os alumnos crean unha imaxe na que insertan 5 palabras que os definen.
2. Os alumnos buscan os membros do seu equipo mediante unha tarxeta tipo bingo.
3. Os alumnos realizan unha presentación colaborativa na que se presentan uns a outros.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Crear grupos de nacionalidade mixta.
2. Que se coñezan e teñan primeiros contactos.
3. Que participen nunha dinámica de interacción usando ferramentas de TwinSpace ou ferramentas web sinxelas sen necesidade de rexistro.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación (3 sesións)

Paso 1: Os docentes rexistran o seus alumnos e sacan un listado coas claves dos seus alumnos para proporcionarllas posteriormente.



Paso 2: Os alumnos acceden ó TwinSpace e editan os seus perfís (saúdo, presentación e imaxe).



Paso 3: Os docentes crean unha páxina pública.



Nesa páxina inclúen:

- Un muro colaborativo (dotstorming)
- A explicación para a primeira actividade, que conteña os diferentes pasos da mesma:
 1. Cada alumno crea unha imaxe en [Fotoflexer](#) coas respostas ás preguntas:
 - Que materia che gusta máis?
 - Cal é o teu deporte favorito?
 - Tes unha mascota? ¿Qué tipo de animal es?
 - Cal é a cousa na que consideras que es bo?
 - Cal é a túa comida favorita?



Coas respostas a estas preguntas e unha imaxe CC (ou imaxe propia) o alumno crea unha imaxe cun editor de imaxes que non precise rexistro.



*Suxerencia de editor de imaxes: **Fotoflexer**. Non fai falta rexistrarse.*

Despois de engadir o texto podes descargar a imaxe ou utilizar o link para insertala no muro.

2. A continuación os alumnos insertan a imaxe no muro colaborativo co seu nome/país.



Paso 4: Os docentes agrupan os alumnos en equipos internacionais.

1. Crean una páxina de traballo (primeiro como borrador) cunha táboa para que os profesores de cada país completen cos nomes dos seus alumnos.
2. Unha vez formados os equipos, a páxina faise pública para que os alumnos identifiquen os seus respectivos equipos.
3. Cada equipo **ten que estar titorizado por un docente** para axudalos e animalos na tarefa.



Paso 5:

1. Cada profesor titor inspírase na información dos alumnos do seu equipo para elaborar unha presentación en forma de tarxetas de bingo.
Se queres podes utilizar esta plantilla de presentación creando unha copia:



1. Asígnase unha tarxeta de bingo a cada un dos alumnos.
2. Cada tarxeta de bingo contén información sobre o resto dos membros do equipo, para que o alumno asignado indique quen.

3. Cada alumno ten que encher o seu cartón de bingo.



Ferramenta : *Slides de Google*



Fase 2: Posta en práctica (2 sesións)

Paso 1:

1. Os docentes crean a páxina ¡Bingo! para esta segunda actividade, coas instrucións xerais para encher as tarxetas de bingo.
2. A continuación crean unha subpáxina para cada equipo.
3. En cada subpáxina incrustase ou enlázase a presentación editable de google correspondente a ese equipo coas súas tarxetas de bingo.



1. Os alumnos completan correctamente as súas tarxetas con axuda da información sobre os seus compañeiros nas imaxes compartidas no muro colaborativo e usando as ferramentas que TwinSpace pon ó seu alcance para comunicarse cos seus socios: perfil, chat, mensaxes, etc.
2. Teñen un tempo tasado para facelo.



Fase 3: Recollida de datos e promoción (3 sesións)

Paso 1: Créase a terceira páxina con instrucións para a creación dunha presentación colaborativa de cada equipo coa información obtida nas seguintes actividades de interacción:

- Actividade 1: Descrímonos como equipo.
- Actividade 2 Descrímonos en parellas.
- 1. Actividade 1 **¿Que temos en común?**. Ponse dacordo no nome do equipo inspirándose no que teñen en común.
 - **Buscan 3 cousas que teñan en común.** Non valen nin vestidos nin detalles fisiolóxicos.
 - A través de [meetingwords](#) comentan cousas sobre sí mesmos ata que os demais din “eu tamén”, “a min tamén me pasa”.
 - Elixen as tres cousas que teñen en común e pon nome ó equipo.
 - Cando teñan as tres cousas buscan 3 imaxes acordes e crean a primeira diapositiva.

2. Actividade 2: Por parellas, cada alumno presenta a outro e faille **unha serie de preguntas ou accións**. Os alumnos enchen a presentación coas respostas dadas e completan buscando imaxes CC acordes coas respostas.

Un exemplo de preguntas/accións poden ser:

- Dime que cor che gusta e explícame por que a escolliches.
- Es un obxecto de cociña. ¿Cal? ¿Por que?
- Fai unha foto imitando unha estatua/pintura. ¿Por que escolliches esa estatua/pintura?
- Fai un xesto típico do teu país. ¿Que significa?
- Pon unha frase á túa vida



Paso 2: Créanse subpáxinas por equipo. Cada subpáxina inclúe:

- Enlace a una sala de meetingwords por equipo
- Un enlace a unha presentación de drive editable
- A presentación embebida para que vexan os progresos.



Se queres podes utilizar esta plantilla de presentación creando unha copia:



Paso 3: Os profesores enchen o Diario do proxecto e interactúan cos alumnos cos comentarios que eles deixen alí.



Paso 4: Os docentes fan públicas (se non o fixeron) as páxinas en TwinSpace e fan promoción nos seus respectivos centros.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Imaxe editada con texto
- Presentación colaborativa

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace: perfil, páxinas, chat, mensaxes, foro (se se prefire esta opción).
- Ferramentas externas: dotstorming, meetingwords, doc de google, slides de Google.